

Estimadas familias, entramos no terceiro trimestre, un trimestre máis raro e difícil aínda que o final do anterior, con moitas dúbidas e preguntas sen respostas pero non por iso imos tirar a toalla.

A miña idea é simplemente animar aos rapaces a estar activos e non perder o fío, mantelos atentos, animados e intentar que non perdan ese interese polas ciencias que sempre transmiten.

A partir de agora mandareivos vía mail as actividades, ao igual que hoxe fareino só os luns á mañá (que era un dos días que tiñamos clase), podedes mandarmas de volta calquera día da semana (cunha foto como as fichas anteriores, escaneadas.... como vos sexa máis fácil) ao igual que as dúbidas que teñan.

As actividades desta semana son unhas fichas de repaso sobre as plantas, os seres vivos e inertes... son moi sinxelas e axudaranlles a lembrar cousiñas que quizais tiñan medio esquecidas. A vindeira semana comezaremos a traballar na libreta así que o que queira pode ir adiantando traballo e pode facer a portada do 3º trimestre (deben lembrar que ten que ser nunha páxina nova e en branco).

Se alguén ten dificultades para imprimilas dende o concello ofrecen unha axuda para imprimilos e levalos a casa, quen o precise pódese informar:

IMPRESIÓN DE TAREAS ESCOLARES



As familias que precisen imprimir tarefas da escola, poden enviar un correo electrónico a alcaldia@pontecaldelas.org, indicando nome, dirección e teléfono de contacto. As copias levaranse á vivenda.

Agardo que non tardemos en vernos, mentres tanto **MOITO ÁNIMO, SAÚDOS A TODOS/AS e UNHA APERTA ENORME** para todos os rapaces/as.

Profe Rebeca